



**Curso
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de Música
"Cantiga"
Sarria (Lugo)**

**Adaptación Programación Didáctica de
Percusión
12 Maio 2020**

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia

**Profesor:
José Antonio Salvador López**

MATERIA DE PERCUSIÓN

Seguindo o indicado no R.D. 463/2020, na Orde EFP/365/2020 e nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o **Centro Autorizado Elemental e profesional de Música Cantiga de Sarria (Lugo)** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de PERCUSIÓN para o curso 2019-20:

ÍNDICE

1. Avaliación e cualificación e mínimos esixibles
2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
3. Información e publicidade.

1. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Realízase segundo o recollido no caderno do profesor sobre en base ao traballo realizado polos medios telemáticos elixidos.

Instrumentos:

Seguimento do traballo individual

Cualificación final

Teranse en conta as cualificacións obtidas nas avaliacións anteriores e con carácter sumatorio o traballo realizado de xeito telemático no último trimestre.

Poderase incrementar en **2** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

Proba extraordinaria de setembro

Especificarase na proposta de recuperación recollida no informe de avaliación negativa.

Alumnado de materia pendente

Criterios de avaliación:

Interpretación con corrección do repertorio traballado nas avaliacións que tiveron carácter presencial, atendendo aos aspectos técnicos e musicais segundo se recolle na programación.

Criterios de cualificación:

Aspectos técnicos: 40% da nota final

Aspectos musicais: 40 % da nota final

Interpretación de memoria (instrumentos de láminas): 20%

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Convocatoria pola xefatura de estudos da proba extraordinaria.

Valoración da interpretación realizada atendendo aos aspectos recollidos nos criterios de cualificación.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles aplicaranse conforme ao acontecido durante o 1º e 2º trimestre do curso.

Ademais establécense as seguintes modificacións:

.Nos cursos en que consta o mínimo: “unha peza por cada instrumento do nivel especificado nos contidos” non se terá en conta o repertorio non traballado ou dominado por estar planificado para o 3º trimestre.

.Os mínimos que fan referencia a interpretación en calquera instrumento de un número determinado de obras e/ou estudos ese número minórase en $\frac{1}{3}$ (aproximando á alza no caso de que non sexa divisible entre tres).

.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As actividades propostas, realizadas ou non polo alumnado, no 3º trimestre poderán influír positivamente na cualificación final pero nunca minorar a obtida na avaliación do 2º trimestre.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Non sofren modificacións agás no tocante á adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procesos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestres serán as mesmas que as utilizadas neste período docente co alumnado (videochamada, aulas virtuais, correo electrónico, Skype, etc).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións presenciais planificadas para o terceiro trimestre debido á súa cancelación.

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Informarase polos medios telemáticos dispoñibles: WhatsApp, Skype, etc...

Publicidade

Publicación na páxina web do centro.